



-O documental *A Volta dos Nove* de Antonio Caeiro será estreada no Val Miñor dentro do ciclo "Cine e Memoria II" organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos.

O informe provisional do Relator da ONU, Pablo Greiff trala súa visita a Galicia en xaneiro, así como o reclamo do mesmo organismo –por 4ª vez – ao Estado español para que cumpra coas diferentes lexislacións que en materia de dereitos humanos ten asinadas, reflicten o estado marxinal na que se atopa a problemáticas das vítimas do franquismo e a impunidade dos crimes dese réxime. As xornadas provinciais de Memoria Histórica organizadas polo Instituto de Estudos Miñoranos no 2009, deixaron en evidencia que arestora emprender unha

Outubro recibe o ciclo “Cine e Memoria II” no Val Miñor

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 26 Setembro 2014 20:22

investigación na procura de información para esclarecer o acontecido así como calquera intento de desenvolver exhumacións de fosas enfronta innumerables pegas por parte das administracións públicas.

Neste contexto, o Instituto de Estudos Miñoranos organiza como todos os anos dende 2005 unha actividade especial no mes de outubro, onde se lembra o asasinato dos nove veciños do Val Miñor en mans da represión franquista na madrugada do 14 ao 15 de outubro en Baiona. O ciclo "Cine e Memoria II", será o evento cultural que como en 2009, pretende achegar ao Val Miñor os últimos traballos documentais e de investigación en materia de Memoria Histórica. O mesmo congregará a directores, produtores e protagonistas dos cinco títulos que acolle o ciclo. Películas que abordan desde diferentes miradas o tema da recuperación da memoria familiar (O segredo da Frouxeira), a vida clandestina nos monte de fuxidos e guerrilleiros (O meu nome é Luis "Ferreiro"), os massacres colectivos (La Saucedá. De la Utopía al horror), a represión ás mulleres da resistencia (As silenciadas), e un documental de especial pegada na historia recente do Val Miñor, A Volta dos Nove.

Os pases dos filmes terán lugar todos os días mércores do mes de outubro ás 20:30 horas na Aula de Cultura Ponte de Rosas, agás o 15 de outubro no que será a estrea no Val Miñor do filme A Volta dos Nove, que será exhibida no Auditorio Municipal de Gondomar Lois Tobío. A entrada será gratuíta e ata completar o aforo das salas.

Programa do Ciclo

1 de outubro: O segredo da Frouxeira, de Xosé Abad. (Galicia, 2009)

8 de outubro: O meu nome é Luis "Ferreiro". Unha historia do antifranquismo galego, de Roi Caxiao e Fernando Llor. (Galicia, 2010)

15 de outubro: A Volta dos Nove, de Antonio Cairo. (Galicia, 2014)

22 de outubro: La Saucedá. De la utopía al horror, de Juan Miguel León Moriche. (Málaga, 2013)

29 de outubro : As silenciadas, de Pablos Ces. (Galicia, 2010)